

G. Boeree · S. Davies

Gramática de  
Lingua Franca Nova



# Gramática

## Alfabeto e pronuncia

### Alfabeto

O elefen utiliza o alfabeto máis coñecido do mundo: o latino.

- Minúsculas
  - **a b c d e f g h i j l m n o p r s t u v x z**
- Maiúsculas
  - **A B C D E F G H I J L M N O P R S T U V X Z**

As letras «K», «Q», «W» e «Y» non aparecen nos nomes comúns. Utilízanse para conservar a forma orixinal dos nomes propios así como dos nomes escritos en linguas estranxeiras.

Nunhas cen palabras internacionais de orixe non románico, podemos escribir «W» no canto de «U», e «Y» no canto de «I», para presentar unha ortografía máis fácil de recoñecer: **ioga/yoga, piniin/pinyin, sueter/sweter, ueb/web**. Á parte destes casos, usamos «K», «Q», «W» e «Y» só para [conservar as formas orixinais](#) de nomes propios e de palabras estranxeiras.

O H non é común pero pódese atopar en nomes técnicos e culturais.

### Maiúsculas

A maiúscula utilízase ao principio da oración, así como nos nomes propios. Cando un nome propio está formado por varias palabras, cada unha delas empeza con maiúscula, menos as palabras como **la** ou **de**:

- Persoas reais ou imaxinarias, así como animais personificados e cousas
  - **Maria, San Paulo, Barack Obama, Seniora Braun, Jan de Hartog, Oscar de la Renta, Mickey Mouse**
- Organizacións; por exemplo: sociedades e asociacións
  - **Ikea, Nacións Unida, Organiza Mundial de Sania**
- Territorios políticos; por exemplo: nacións, estados e cidades
  - **Frans, Atina, Site de New York, Statos Unida de America**
- Lugares xeográficos; por exemplo: ríos, océanos, lagos, montañas
  - **la Alpes, Rio Amazon, Mar Atlantica**
- Letras do alfabeto
  - **E, N**

Pero, para os títulos das obras de arte, así como das obras literarias, tan só leva maiúscula a primeira palabra (así como os nomes propios, se os contén):

- **Un sonia de un note de mediaestate** – *Soño dunha noite de verán*
- **La frates Karamazov** – *Os irmáns Karamazov*
- **Tocata e fuga en D minor** – *Tocata e fuga en re menor*

Algunhas veces, como nos anuncios, as maiúsculas úsanse para SALIENTAR palabras ou frases enteiras.

O elefen utiliza minúsculas onde algunhas linguas utilizarían maiúsculas:

- Días da semana
  - **lundi, jovedi** – luns, xoves
- Meses
  - **marto, novembre** – marzo, novembro
- Días festivos
  - **natal, ramadan, pascua** – Nadal, Ramadán, Pascua
- Séculos
  - **la sentenio dudes-un** – o século XXI
- Linguas e pobos
  - **catalan, xines** – o catalán, o chinés

## **Nomes das letras**

As seguintes sílabas son os nomes das letras no discurso, por exemplo, cando se deletrea unha palabra:

- **a be ce de e ef ge hax i je ka el em en o pe qua er es te u ve wa ex ya ze**

Os seus nomes pódense poñer en plural: **as, bes, efes.**

Ao escribir, un pode presentar a letra tal cal, en maiúscula ou engadindo **-s** para o plural:

- **La parola “matemática” ave tre As, du Ms (pronunciada emes), e un E.** – A palabra «matemática» ten tres aes, dous emes e unha e.

# Frases

A maioría das frases en elefen conteñen un [grupo verbal](#), que representa xeralmente unha acción. Un grupo verbal consiste nun verbo e nos modificadores, tales como [adverbios](#) ou [grupos preposicionais](#).

## Suxeito e obxecto

Os dous sintagmas nominais máis importantes son o **suxeito** e o **obxecto**. O seu sentido preciso depende do verbo, pero, *grosso modo*, o suxeito é o que realiza a acción, e o obxecto, o que está directamente relacionado con ela.

En elefen, o suxeito precede sempre ao verbo e o obxecto vai detrás:

- **La gato** xasa **la scural**. – O gato (*suxeito*) ... caza (*verbo*) ... o esquío (*obxecto*).
- **La can** dormi. – O can (*suxeito*) ... dorme (*verbo*).

Nalgúns casos, por estilo ou clarificación, pódese poñer o obxecto do verbo ao comezo da frase. Nestes casos, o obxecto debe estar seguido dunha coma, e un pronome para o obxecto que é usado despois do verbo:

- **La gatos**, me no gusta **los**. – Os gatos, non me gustan (eles).

A maioría dos verbos necesitan un suxeito, pero hai moitos que non necesitan un obxecto.

## Complementos

O **atributo** é un elemento frecuente na frase. Trátase dun elemento descritivo complementario, o cal pode ir precedido de verbos como **es** (ser/estar), **deveni** (converterse), **pare** (parecer) e **resta** (permanecer):

- Computadores es **macinas**. – Os computadores (suxeito)... son (verbo)... máquinas (atributo).
- La aira pare **umida**. – O aire (suxeito)... parece (verbo)... húmido (atributo).
- La patatas ia resta **calda**. – As patacas (suxeito)... permanecen (verbo) ... quentes (atributo).
- La idea es **ce tu canta**. – A idea (suxeito)... é (verbo)... que ti cantes (atributo: proposición).

## Preposicións

Outro elemento importante na frase é o [grupo preposicional](#), que necesita un substantivo ou verbo que o preceda ou o una á frase.

- La om ia cade **tra sua seja**. – O home (suxeito) ... caeu (verbo) ... pola súa cadeira grupo preposicional).
- **En la note**, la stelas apare. – Na noite, (grupo preposicional) ... as estrelas (suxeito) ... aparecen (verbo).

- Me dona **a tu** esta poma. – Eu (suxeito) ... dou (verbo)... che (grupo preposicional) ... esta mazá (obxecto).
- Tu no aspeta **como tua foto**. – Ti (suxeito) ... non aparentas (verbo) ... como na túa foto (grupo preposicional).

## Proposicións

Algunhas frases conteñen tamén [proposicións](#), que son como pequenas frases no interior da frase principal (proposicións subordinadas). Poden modificar aos sintagmas nominais, os sintagmas verbais ou a oración principal:

- La om **ci ia abita asi** ia vade a Paris. – O home que vive aquí foise a París.
- El va visita en julio, **cuando la clima es bon**. – Visitará en xullo, cando faga bo.
- On no ia permite me fa la cosas **como me ia desira**. – Non me deixaba facer as cousas como eu quería.
- Me pensa **ce el es bela**. – Penso que é bela.



# Substantivos

Os **substantivos** adoitan ser introducidos por [determinantes](#), e poden ir seguidos de [adxectivos](#) e de [grupos preposicionais](#), para crear un [grupo nominal](#). Os substantivos representan os obxectos físicos, tales como persoas, lugares ou cosas pero igualmente representan conceptos abstractos, similares gramaticalmente.

## Plural

Engádese **-s** ao substantivo para formar o plural. Se o substantivo en singular termina en consoante, engádese **-s**. A terminación do plural non modifica a acentuación da palabra:

- **gato, gatos** – gato, gatos
- **om, omes** – home, homes

Os [adxectivos](#), que modifican un substantivo, non cambian en plural. Pero se os empregamos como substantivos, débese engadir a marca de plural cando sexa necesario:

- **la bones, la males, e la feas** – os bos, as malas e as feas
- **multe belas** – moi bonitos/bonitas

Algúns substantivos, plurais noutras linguas, son singulares en elefen:

- El regarda un **sisor** con un **binoculo**. – El mira unhas tesoiras cuns prismáticos.
- On usa un **bretela** per suporta sua **pantalon**. – Utilízanse os tirantes para suxeitar os pantalóns.
- Me ia compra esta **oculo** de sol en **Nederland**. – Comprei estas lentes de sol nos Países Baixos.

## **Substantivos contables e non contables**

Do mesmo xeito que en moitas outras linguas, o elefen distingue substantivos **contables** e **incontables**. Un substantivo contable pode ser modificado por un número e toma a **-s** do plural. Os substantivos contables representan en xeral os obxectos físicos, identificables individualmente, tales como casas, gatos ou pensamentos: Por exemplo:

- **un** auto; **la** autos; **cuatro** autos – un coche; os coches, catro coches
- **un** gato; **multe** gatos; **un milion** gatos – un gato; moitos gatos; un millón de gatos

Pola contra, os substantivos non contables non toman en xeral o **-s** do plural. Os substantivos non contables representan en xeral as masas sen individualidade definida, tales como líquidos (auga, zume), po (azucres, area), substancias (metal, madeira), ou calidades abstractas (elegancia, lentitude). Cando os modifican un número ou un cuantitativo, engádeselles unha unidade de medida para aclarar. Por exemplo:

- la acua; alga acua; **tre tases de** acua – auga; algo de auga; tres cuncas de auga
- lenio; multe lenio; **du pesos de** lenio – madeira; moita madeira, dous troncos de madeira

Pódense utilizar substantivos non contables como contables.

Trátase de situacións particulares:

- Du **cafes**, per favore. – Dous cafés, por favor.
- Me ia proba multe **cesos**. – Probei moitos queixos.
- On no pote compara la **belias** de Paris e Venezia. – Non se poden comparar as belezas de París e Venecia.

## Xénero

Os substantivos non adoitan indicar o seu xénero. Para distinguilos, utilízanse os adxectivos **mas** e **fema**:

- **un cavalo mas** – un cabalo
- **un cavalo fema** – unha egua

Con todo, para algúns nomes de parentesco, o masculino toma un **-o** e o feminino un **-a**:

- **avo, ava** – avó, avoa
- **fio, fia** – fillo, filla
- **neto, neta** – neto, neta
- **sobrino, sobrina** – sobriño, sobriña
- **sposo, sposa** – esposo, esposa
- **tio, tia** – tío, tía

- **xico, xica** – mozo, moza

Pero para algunhas parellas utilízanse nomes diferentes para cada sexo:

- **cavalor, dama** – cabaleiro, dama
- **dio, diva** – deus, deusa
- **om, fem** – home, muller
- **padre, madre** – pai, nai
- **re, rea** – rei, raíña
- **senior, seniora** – señor, señora
- **frate, sore** – irmán, irmá

O sufixo **-esa** é raro e serve para formar a variante feminina dalgunhas condicións sociais históricas:

- **abade, abadesa** – abade, abadesa
- **baron, baronesa** – barón, baronesa
- **conte, contesa** – conde, condesa
- **dux, duxesa** – duque, duquesa
- **imperator, imperoressa** – emperador, emperatriz
- **marci, marcesa** – marqués, marquesa
- **prinse, prinsesa** – príncipe, princesa
- **tsar, tsaresa** – tsar, tsarina

## **Grupos nominais**

Un grupo nominal consiste nun substantivo e os seus modificadores: [determinantes](#), que preceden o substantivo, e os [adxectivos](#) e [grupos preposicionais](#), que lle seguen.

Os dous grupos nominais principais na oración son o **suxeito** e o **obxecto**. O suxeito precede o verbo, e o obxecto séguelle. Outros grupos nominais son habitualmente introducidos por preposicións para aclarar o seu papel.

Un grupo nominal debe normalmente conter un determinante – ás veces, simplemente unha marca de plural **-s**. Pero esta regra non se aplica aos nomes propios, nin aos días da semana, nin aos meses nin ás linguas nin aos substantivos non contables:

- **Desembre** es calda en **Australia**. – Decembro é caloroso en Australia.
- **Nederlandes** es mea lingua orixinal. – O neerlandés é a miña lingua materna.
- Me gusta **pan**. – Gústame o pan.

Reláxase a regra cando o grupo nominal segue a unha preposición, sobre todo nas expresións fixas:

- El es la comandor **de polisia**. – É o xefe de policía.
- Me no gusta come bur **de aracide**. – Non me gusta a crema de cacahuets.
- Nos vade **a scola**. – Imos á escola.
- Acel es un problem **sin solve** en matematica. – É un problema sen solución en matemáticas.
- Un virgula pare nesgada **per claria**. – Unha coma parece necesaria para aclarar.

Un adxectivo ou determinante pode ser modificado por un [adverbio](#) que o precede. Tendo en conta que son parecidos aos

adxectivos, nunha enumeración, están separados por unha coma ou por e. Ao falar, é a melodía da oración a que marca a diferenza:

- **Sola un** poma **multe putrida** ia resta. – Tan só queda unha mazá podre.
- Me ia encontra un fem **bela, joven, e intelijente**. – Atopei unha muller bela, nova e intelixente.

Ás veces un substantivo utilízase para simbolizar un membro calquera da súa clase. Neste caso, pouco importa se se utiliza **la** ou **un**, ou se o substantivo se atopa en singular ou en plural.

- **La arpa** es un strumento musical. – A arpa é un instrumento musical.
- **Un arpa** es un strumento musical. – Unha arpa es un instrumento musical.
- **Arpas** es strumentos musical. – As arpas son instrumentos musicais.

Un [pronome](#) é unha variante particular dun grupo nominal. Normalmente, non se pode modificar.

## **Aposición**

Dinse que dous grupos nominais atópanse en aposición cando o segundo segue directamente ao primeiro e os dous representan á mesma persoa ou cousa. Na maioría dos casos, o segundo *identifica* a persoa ou cousa:

- la Rio **Amazona** – o río Amazonas
- la Mar **Pasífica** – o océano Pacífico
- la Isola **Skye** – a illa Skye
- la Universia **Harvard** – a Universidade de Harvard
- la Funda **Ford** – a Fundación Ford
- Re **George 5** – o rei George V
- San **Jacobo la major** – Santiago o Maior
- Piotr **la grande** – Pedro o Grande
- mea ami **Simon** – o meu amigo Simon
- la parola “**inverno**” – a palabra «inverno»
- la libro **La prinse peti** – o libro O Principiño

Os acrónimos e as letras simples poden seguir directamente a un substantivo para modificalo:

- La dicionario es ance disponible como un fix **pdf**. – O dicionario atópase igualmente dispoñible en PDF.
- El ia porta un camisa **T** blu de escota **V**. – Ela levaba posta unha camiseta azul cun escote en “V”.

Ás veces, dous substantivos aplícanse por igual a un obxecto ou persoa. Nestes casos, os substantivos únense cun guión:

- un produor-dirijor – un produtor-director
- un primador-scanador – unha impresora-escáner

En todos os casos, a marca de plural (**-s** ou **-es**) aplícase a ambos os substantivos:

- la statos-membros – os estados membros

- produtores-dirijores – produtores-directores

O verbo nomi (que significa “chamar/nomear”) constitúe un caso á parte:

- Nos ia nomi el **Orion**. – Chamámoslle Orión.
- Me nomi esta forma **un obelisce**. — Chamo a esta forma «un obelisco».



# Determinantes

Un **determinante** é unha palabra que modifica un substantivo para describir a súa identidade e a súa cantidade. Á parte da **-s** do plural (que é considerado como un determinante en elefen), os determinantes colócanse sempre diante do substantivo.

Existen diferentes clases de determinantes. Velaquí un exemplo tipo de cada un deles: [tota](#), [la](#), [esta](#), [cual](#), [cada](#), [mea](#), [multe](#), [otra](#).

## Predeeterminantes

**Tota** significa “todo” ou “todos”. Indica a totalidade do substantivo que describe. Ao contrario que [cada](#), **tota** trata o todo como unha unidade, e non como individuos separados:

- **Tota linguas** es asurda. – Todas as linguas son absurdas.
- Me va ama tu per **tota tempo**. – Amareiche todo o tempo.
- La lete ia vade a **tota locas**. – O leite foi a todas partes.
- On ia oia la musica tra **tota la vila**. – Escoitouse a música en todo a vila.

**Ambos** significa “os dous”. Pódese empregar no canto de **tota**, cando se di que toda a cantidade límitase a dúas. O substantivo debe estar en plural:

- **Ambos gamas** es debil. – As dúas pernas son débiles.

Semánticamente, **tota** e **ambos** non se diferencian dos [cuantitativos](#), pero trátaselles como unha clase á parte pola súa sintaxe: [colócanse diante de calquera outro determinante](#) no grupo nominal, incluíndo **la**.

Tamén poden ser utilizados como pronomes.

## Artigos

O elefen posúe dous **artigos** – o artigo determinado **la**, e o artigo indeterminado **un**. “Determinado” (ou «definido») quere dicir que o substantivo indica unha cousa xa definida, e que, en consecuencia, non se refire a nada novo.

**La** introduce un substantivo referíndose a algo ou alguén coñecido polo interlocutor. Utilízase nas seguintes situacións:

- Xa se mencionou a cousa:
  - Me ia compra un casa. **La casa** es peti. – Comprei unha casa. A casa é pequena.
- O interlocutor pode adiviñar facilmente que a cousa existe:
  - Me ia compra un casa. **La cosina** es grande. – Comprei unha casa. A cociña é grande.
- O resto da frase é suficientemente clara.
  - El ia perde **la numeros** de telefon de sua amis. – Ela perdeu os números de teléfono dos seus amigos.
- O interlocutor pode comprendelo:
  - **La musica** es bela, esce no? – A música é bela, non?
- A cousa é ben coñecida por todos. Trátase de dominios de coñecemento e substantivos abstractos:

- **La luna** es multe distante de la tera. – A Lúa está moi distante da Terra.
- Me no comprende **la matematica**. – Non entendo as matemáticas.
- El ama **la cafe**. – A el encántalle o café.
- La felisia es plu importante ca **la ricia**. – A felicidade é máis importante que a riqueza.

**Un** introduce un substantivo singular que expresa calquera cousa que o interlocutor aínda non coñece. Non se pode usar con substantivos plurais ou incontables.

- Me vole leje **un libro**. – Quero ler un libro.
- **Un gato** ia veni en la sala. – Un gato entrou na sala.

Algunhas linguas posúen artigos partitivos que indican as cantidades non especificadas dun substantivo non contable. O elefen emprega **la** ou mesmo ningún artigo:

- Me gusta **la cafe**. – Gústame o café.
- Me gusta **cafe**. – Gústame o café.
- Me bevi **cafe**. – Bebo café.

## **Demostrativos**

Os **demostrativos** designan o que o substantivo expresa, situándoo no tempo ou no espazo ou no texto mesmo.

**Esta** significa «este/esta/estes/estas». É parecido a **la**, e designa sempre algunha cousa próxima ao interlocutor, xa sexa física ou

metaforicamente:

- Me posese **esta casa**. – Posúo esta casa.
- **Esta libros** es merveliosa. – Estes libros son maravillosos.
- Me gusta **esta cafe**. – Gústame este café.
- **Esta mense** ia es difisil. – Este mes foi difícil.
- **Esta frase** conteni sinco parolas. – Esta frase contén cinco palabras.

**Acel** significa «aquel/aquela/aqueles/aquelas». Parécese a **la**, pero designa unha cousa afastada do interlocutor ou, polo menos, máis afastada que a que representa **esta**:

- **Acel xico** regarda **acel xicas**. – Aquel mozo mira a aquelas mozas.
- Atenta denova en **acel modo**. – Téntao de novo dese modo.
- **Acel torta** es noncomable. – Aquel pastel é incomedible.

**Esta** e **acel** pódense transformar en [pronomes](#).

## Interrogativos

Os **interrogativos** serven para formular preguntas.

**Cual** significa “cal” fai unha pregunta de identidade ou especie:

- **Cual animal** es acel? – Que animal é aquel?
- **Cual vexetales** es la plu bon? – Que vexetais son os mellores?
- Tu veni de **cual pais**? – De que país vés?
- **Cual fenestras** es rompeda? – Que xanelas están rotas?
- **Cual pinta** tu prefere? – Que pintura prefires?

**Cuanto** significa “canto”, cun substantivo contable ou incontable:

- **Cuanto casas** es en tua strada? – Cantas casas hai na túa rúa?
- **Cuanto pan** tu pote come? – Canto pan podes comer?

**Cual** e **cuanto** úsanse tamén en preguntas indirectas.

## **Determinantes de selección**

Estes determinantes seleccionan os individuos dun conxunto:

- **cada** – cada
- **cualce** – calquera
- **alga** – algo, unha certa cantidade, un pouco de
- **no** – nada de, nin
- **sola** – só, soa, sós, soas

**Cada** significa «cada», se se consideran os elementos un por un, por separado. O substantivo é contable pero singular:

- **Cada can** ave un nom. – Cada can ten un nome.
- Me no ia leje **cada parola**. – Non lin todas as palabras (cada palabra).
- Tu fa la mesma era a **cada ves**. – Cometes o mesmo erro cada vez.

**Cualce** significa «calquera» – non importa o que o suxeito elixa. O substantivo, polo xeral, é contable:

- Prende **cualce carta**. – Elixo unha carta (calquera, non importa cal).
- **Cualce contenedores** va sufici. – Os contedores serán suficientes (non importa cales).

**Alga** indica que non se especifica a identidade do expresado polo substantivo.

**Alga** significa «unha certa cantidade/un pouco de» ou «algo», e indica unha cantidade non especificada das que se expresa polo substantivo. A miúdo dáse a entender que a cantidade non especificada é relativamente pequena – pola contra diríase **multe** – pero non demasiado pequena, o cal que sería **poca**:

- Me ia leje acel en **alga libro**. – Lino nun libro (calquera).
- Cisa me va reveni a **alga dia**. – Podo volver algún día.
- **Alga cosa** es rompeda. – Algo está roto.

Utilizado co substantivo incontable ou un substantivo plural contable, **alga** indica que tampouco se especifica a cantidade que se expresa co substantivo:

- Me va leje **alga libros**. – Vou ler algúns libros.
- **Alga polvo** ia cade de la sofito. – Caeu algo de po do teito.
- El ave **alga pan** en sua sesto. – Ela ten algo de pan na canastra.

**No** quere dicir «non», «ningunha cantidade» ou «nada de». Indica que o expresado polo substantivo está ausente ou inexistente:

- Me ave **no arbores** en mea jardin. – Non teño árbores no meu xardín.
- Tu va senti **no dole**. – Non sentirá nada (ningunha dor).
- **No arbor** es plu alta ca la tore Eiffel. – Ningunha árbore é máis alta que a Torre Eiffel.
- Me ia encontra **no person** en la parce. – Non me atopei con ninguén no parque.

**Sola** significa «só», «único» – soamente hai un e non outro, polo menos, que sexa importante:

- El es **la sola doctor** en la vila. – El é o único doutor no pobo.
- Estas es **la sola du parolas** cual nos no comprende. – Estas son as únicas dúas palabras que non entendemos.
- Me va destrui la mur con **un sola colpa**. – Vou destruír o muro dun só golpe.

Estes determinantes, excepto **no** e **sola**, pódense utilizar como pronomes. Son pronomes especiais, **cadun**, **cualcun**, **algun**, e **nun**, que se refiren ás persoas. Para referirse ás cousas, aos determinantes simplemente séguelles **cosa**.

## Posesivos

Os **adxectivos posesivos** son **mea**, **tua**, **nosa**, e **vosa**:

- **Mea gato** ia come un mus. – O meu gato comeu un rato.
- Me gusta multe **tua dansa**. – Gústame moito o teu baile.
- **Nosa ecipo** va gania la premio. – O noso equipo gañará o premio.

Tamén se pode indicar a posesión cunha frase **de me, de tu,** etcétera:

- Acel es **la casa de tu.** – Aquela é a túa casa.

A terceira persoa é o adxectivo posesivo **sua**, sen importar que o pronome equivalente sería **el, lo, los, on** ou **se**:

- La ipopotamo abri **sua boca.** – O hipopótamo abre a boca (a súa boca).
- Nos regarda **sua dentes.** – Fixámonos nos seus dentes.

Para expresar **deles** (ou **de si** en plural), pódese usar o determinante **lor** en lugar de **sua**. Pero non é obrigatorio. **Sua** pódese usar sempre (e é máis tradicional), pero nalgunhas frases **lor** pode ser máis claro:

- La otelor mostra **lor sala** a sua visitores. - A hostaleira mostra a sala correspondente aos seus visitantes. (*a sala dos visitantes, non a sala da hostaleira*)
- La visitores gusta multe **lor sala / sua sala.** - Aos visitantes gústalles moito a sala que lles tocou / a súa sala.
- Ance la otelor gusta **lor sala.** - Tamén á hostaleira gústalle a súa propia sala.

## Cuantitativos

Os **cuantitativos** permiten expresar a cantidade que é indicada polo substantivo:

- **-s** – (*plural*)



- **un** – un/a
- **du, tre, cuatro...** – dous, tres, catro...
- **multe** – moito
- **poca** – pouco
- **plu** – máis (de)
- **la plu** – a maioría (de), o máximo (de), a maior parte
- **min** – menos (de)
- **la min** – a minoría (de), o mínimo (de), a menor parte

O marcador de plural **-s** é o determinante cuantitativo de base. Un sintagma nominal que inclúa un substantivo plural, non require ningún outro determinante:

- Me va leje **libros**. – Vou ler (algúns) libros.
- Me va leje **la libros**. – Vou ler os libros.

Ademais do [artigo indefinido](#), **un** é o número «uno», indica unha unidade do referenciado polo substantivo. Por conseguinte, o substantivo debe ser contable e singular:

- Me ave **un frate e du sores**. – Teño un irmán e dúas irmás.

Os outros números cardinais (**du, tre, cuatro**, etcétera) son tamén cuantificadores.

- Me ave **tre gatos** obesa. – Teño tres gatos gordos.
- Me ave **cuatro plu anos** ca mea frate. – Son catro anos máis vello que o meu irmán (Teño catro anos máis que o meu irmán)

**Multe** significa «moitos». Indica unha gran cantidade do referenciado polo substantivo, e úsase con substantivos contables e incontables:

- Esta casa sta ja asi tra **multe anos**. – Esta casa xa se mantén aquí durante moitos anos.
- La pijones come **multe pan**. – As pombas comen moito pan.

**Poca** é o contrario de **multe**, e indica unha pequena cantidade. Significa «pouco»:

- Me reconose **poca persones**. – Recoñezo algunhas persoas (en realidade, non moitas).
- El pote dona **poca aida**. – Pode dar un pouco de axuda (en realidade, non moita).
- *Compare*: Me pote leje **alga parolas**. — Son capaz de ler unhas cantas palabras (un número pequeno).

**Plu** significa «máis». Indica unha cantidade maior do referenciado polo substantivo, e pódese usar con substantivos contables e incontables. **La plu** significa «a maioría», a cantidade máis grande:

- Tu ave **plu libros** ca me. – Vostede ten máis libros ca min.
- **La plu linguas** es bela. – A maioría das linguas é fermosa.
- **Plu pan** es en la cosina. – Hai máis pan na cociña.
- **La plu fango** es repulsante. – A maioría do barro é repugnante.

**Min** é o contrario de **plu**, e significa «menos», indica unha cantidade máis pequena, e pódese usar con substantivos contables e incontables. **La min** significa «a minoría», a menor cantidade:

- Me desira **min vejetales** ca el. – Quero menos verdura ca ela.
- Tu ia leje **la min libros** de cualcun ci me conose. – De todos os que coñezo, liches menos libros.
- El ave **min interesa** a cada día. – Cada día ten menos interese.

Pódense usar todos os cuantitativos como [pronomes](#).

## **Determinantes de similitude**

Outros catro determinantes concirnen a similitude ou a diferenza:

**La mesma** significa «o mesmo» / «a mesma» / «os mesmos» / «as mesmas». o mesmo» / «a mesma» / «os mesmos» / «as mesmas». Normalmente, non se pode omitir a palabra **la**, a pesar de que se pode cambiar por **esta** ou **acel**:

- Tu porta **la mesma calsetas** como me. – Levas os mesmos calcetíns que eu.
- La gera ia comensa en **la mesma ano**. – A guerra comezou o mesmo ano.
- Nos va reveni a **esta mesma tema** pos un semana. – Volveremos sobre este tema nunha semana.

**Otra** significa «outro» / «outros» / «outra» ou «outras».

- Nos ave aora esta **tre otra problemes**. – Temos estoutros problemas agora.
- **La otra solve** ia es plu bon. – A outra solución era mellor.
- Tu ave **otra pan**? – Ten vostede outro pan?

Tal significa «tal», «ese tipo de», «dese estilo», de tal ou cal especie:

- Me construí un macina de tempo. – Estou a construír unha máquina do tempo.
  - **Tal cosa** es nonposible. – Tal cousa é imposible.
- Me xerca un abeor. – Estou a buscar un apicultor.
  - Me no conose **un tal person**. – Non coñezo a tal persoa.
- Esce tu vole repinti la sala? – Queres repintar a habitación?
  - Me prefere evita **tal labora**. – Prefiro evitar ese tipo de traballo.
- Esce tu ave plu libros como estas? – Tes máis libros como estes?
  - Si, me ave du otra **tal libros**. – Si, teño outros dous libros dese estilo.

**Propre** indica a pertenza da cousa polo nome ao seu posuidor. É especialmente útil despois do determinante **sua** para aclarar que o significado é reflexivo: a cousa indicada pertence ao suxeito da frase:

- **Me propre idea** es an plu strana. – A miña propia idea é aínda máis estraña.

- El ia trova la xarpe de sua sposo e ia pone lo sirca **sua propre colo**. – Atopou a bufanda do seu marido e púxolla ao redor do seu propio pescozo.

## Orde dos determinantes

Os determinantes seguen esta orde:

- Os predeterminantes **tota** e **ambos**, cando aparecen, colócanse diante de todos os demais.
- Logo veñen os artigos, os demonstrativos, os interrogativos, determinantes de selección, ou os posesivos. Normalmente, hai só un destes determinantes nun sintagma nominal.
- A continuación, pódense atopar cuantitativos ou determinantes de similitude. Un determinante de similitude nunca é a primeira palabra dun grupo nominal *countable singular*. Sempre vai precedido doutro determinante, ou de dous, se un deles é un predeterminante (por exemplo **tota la otra libro**).
- Os adxectivos **bon** e **mal**, a pesar de que non son determinantes, polo xeral colócanse diante do substantivo e despois de todos os determinantes.

Por exemplo:

- El ia colie **sua poca posesedas** e parti. – Recolleu as súas escasas pertenzas e foise.
- **Un otra problem** es la manca de aira fresca asi. – Outro problema é a falta de aire fresco aquí.

- Nos no ia tradui ancora **acel otra cuatro frases**. – Aínda non traducimos aquelas catro frases.
- **Tota la omes** ia vade a la costa. – Todos os homes foron á costa.

# Pronomes

Un **pronome** é unha palabra que substitúe un [grupo nominal](#) máis longo.

## Pronomes persoais

- **me** – eu, o meu, me
- **tu** – ti, che, o seu, vostede
- **el** – el, ela, iso, lle, a, o (unha persoa)
- **lo** – el, ela, iso, lle, a, o (unha cousa)
- **nos** – nós, nos
- **vos** – vós, vostedes, as súas
- **los** – eles, elas, lles, as, os, os seus

## Grupos pronominais

**Tu** é o singular e **vos** é o plural en todas as situacións, formais e informais.

**El** úsase para referirse a persoas e animais, como mamíferos e aves. Pode ser aplicado metaforicamente tamén a outras criaturas, aos robots, á Lúa, a tormentas etc.

**Lo** úsase para referirse ás cousas, criaturas simples, ideas, conceptos etc.

**Los** úsase como plural de **el** e **lo**.

No elefen normalmente “el” e “ela”, e **elo** (“el”) e **ela** (“ela”) son raras, pero pódense usar para evitar a repetición excesiva dos nomes das persoas cando se fala dun home e unha muller no mesmo contexto.

- Do es Joana? **El** es en la jardin. – Onde está Joana? Ela está no xardín.
- Do es mea come de matina? **Lo** es en la cosina. – Onde está o meu almuerzo? Está na cociña.

Un pronome persoal pode ter a continuación unha proposición relativa. Se o sentido está claro, pódese suprimir o pronome, deixando ao pronome relativo unha dobre función:

- El recorda sempre la nomes de **los, ci** el ia encontra. – Lembra sempre os nomes de quen atopou.
- Me respeta **tu, ci** es tan saja. – Respéctoches (a ti), que es tan sabio.
- **El ci** osa, gania. – Aquel que ousa, gana.
- **Ci** osa, gania. – Quen ousa, gana.

**On** é polo xeral un pronome indefinido. Significa «as persoas en xeral» ou «unha persoa calquera». A miúdo, permite evitar o uso da voz pasiva:

- **On** dise ce tu va parti. – Dise que partirás.
- **On** debe repete la verbo. – Débese repetir o verbo. / O verbo debe repetirse.



**Se** é o pronome reflexivo da terceira persoa, tanto do singular como do plural. Indica o suxeito do verbo, non sendo nunca o suxeito:

- **Lo** limpi se. – El límpase.
- **Los** lava se. – Eles lávanse.

Os pronomes posesivos («o meu», «o teu» etc.)/ etc.) son os [determinantes posesivos](#) («o meu», «o teu» etc.)/ etc.), precedidos por **la**:

- Me ia trova mea libros, ma tu no ia trova **la tuas**. – Atopei os meus libros; pero ti non atopaches os teus.
- Lo es ance plu grande ca **la mea**. – Tamén é máis grande que o meu.
- No toca acel jueta! Lo no es **la tua**. – Non toques ese xoguetete! Non é teu.

## **Pronombres determinantes**

Así como pódese empregar un [adxectivo](#) como [substantivo](#), pódese converter a maior parte dos determinantes en pronomes. Os pronomes **esta**, **acel** e **otra** forman sempre o plural engadindo **-s**. Algúns outros pronomes tamén poden engadir **-s** se isto clarifica o significado:

- **tota**, **totas** – todo, toda, todos, todas
- **ambos** – ambos (os dous)
- **esta**, **estas** – este, esta, estes, estas
- **acel**, **aceles** – aquel, aquela, aqueles, aquelas

- **cualce** – calquera
- **cada** – cada un, cada unha
- **alga** – algún, algunha, algúns, algunhas
- **cual** – cal, cales, que
- **multe** – moito
- **poca** – pouco
- **plu** – máis
- **la plu** – a maioría, a maior parte
- **min** – menos
- **la min** – a minoría, a menor parte
- **un/la otra, (la) otras** – outro, outra, outros, outras
- **la mesma, la mesmas** – o mesmo, a mesma, os mesmos, as mesmas
- **un tal, tales** – un deses, un deles, un así

Exemplos:

- **Estas** aspeta bela! – Estes teñen boa pinta!
- Prende **cualce**. – Toma un (calquera, non importa cal).
- Me no vole judi, car me gusta egal **cada**. – Non quero tomar partido, porque me gustan por igual.
- Me vole grasia **cada de esta persones**. – Quero dar as grazas a cada unha destas persoas.
- **Alga(s)** pensa ancora ce la mundo es plata. – Algúns pensan aínda que a Terra é plana.
- Tu ia versa mal la vino. **Alga** es sur la table. – Serviches mal o viño. Algo se derramou na mesa.
- **Multe(s)** de nos es programores. – Moitos de nós somos programadores.

- Me no ia regarda **multe(s) de acel filmas**. – Non vin moitas desas películas.
- Me reconose **poca(s)** de la persones en la fola. – Recoñezo poucas persoas entre a multitude.
- **Plu** va ariva pronto. – Pronto chegarán máis.
- Alga parolas es clar, ma on no pote leje fasil **la plu**. – Algunhas palabras son claras; pero a maior parte non é fácil lelas.
- Tu ave **min** ca me. – Tes menos ca min.
- Me vole bonveni **tota(s) de vos**. – Quero dar a benvida a todos vostedes.
- Me ia compra sinco libros nova, ma me ia lasa **tota(s)** en la bus. – Comprei cinco libros novos; pero deixei todos no autobús.
- **Ambos** de la enfantes jua felis. – Ambos os nenos xogan alegremente.

Os [números](#) poden utilizarse como pronomes para indicar os grupos dun tamaño determinado. Eses pronomes non toman xeralmente a **-s** do plural e non necesitan determinante:

- **Tre** de mea amis va ariva a esta sera. – Tres dos meus amigos veñen esta tarde.
- Cuanto pizzas tu ia come? – Cantas pizzas comiches?
- **Cuatro!** – Catro!
- La **cuatro** de nos va come en junta. – Imos comer os catro xuntos.
- **Un** de mea gatos manca. – Fáltame un dos meus gatos.

- La **tre** ia abita en la mesma aparte. – Os tres viven no mesmo piso.

Para indicar os múltiplos imprecisos de números como **sentto**, **mil** ou **milion**, engádese a **-s** de plural:

- On ia ave **miles** de persoas a la conserta. – Había miles de persoas no concerto.
- A cada anio, **miliones** migra a otra paises. – Cada ano, millóns emigran a outros países.
- On ia vacui **miles de plu** persoas de locas inondada par la deluvias. – Evacuáronse miles de persoas de lugares asolagados pola choiva.
- On pote fatura **plu senttos** per servi. – Pódense pedir algúns centos máis para servilos.

Non se pode transformar **la** en pronome. Débese usar **el**, **lo** e **los**:

- La casa de mea padre es plu grande ca **lo** de mea frate. – A casa do meu pai é máis grande que a do meu irmán.
- Lo es ance plu grande ce **lo** cual me intende compra. – É máis grande que a que teño intención de comprar.

Non se pode utilizar **no** como pronome, pero pódese utilizar **nun** e **no cosa**. O número **zero** pode tamén utilizarse como pronome.

A expresión idiomática **la un la otra** (o **lunlotra**) significa «un/unha á outra» / «os uns/unhas ás outras». Posúe variantes como **la un o la otra** (o un ou o outro etc.), **la un pos la otra** (o

**pos lunlotra**, «o un tras o outro» etc.) así como **la un sur la otra** (o **sur lunlotra**, «o un sobre o outro», etc.):

- La xicos colpa **la un la otra** / **lunlotra**. – Os mozos golpéanse os uns aos outros.
- Me pila mea crepes **la un sur la otra** / **sur lunlotra**. – Amontoo os meus panqueques, os uns sobre os outros.

Nalgunhas frases, a un pronome séguelle un [verbo](#), polo que cabe o malentendido dun determinante seguido dun [verbo reutilizado como substantivo](#). Por exemplo, fóra de contexto, non se pode estar seguro de que **acel veni de Italia** significa «a acción de chegar de Italia» ou «aquele que vén de Italia». Na maioría dos casos, o contexto fai que o significado sexa evidente. Con todo, os principiantes e os que queren evitar calquera risco de ambigüidade, poden agregar un simple substantivo – como **person** ou **cosa** – despois do determinante en lugar de convertelo nun pronome:

- **Acel cosa** veni de Italia. – Esa cousa vén de Italia.
- Recorda ce **alga persones** (o **algas**) abita en sua auto. – Lembra que algunhas persoas viven nos seus coches.

Nalgúns casos, quérese deixar claro que o substantivo verbal non é un verbo. Con palabras como **alga**, **multe**, e **poca**, pódese engadir **de** entre o determinante e o substantivo; o determinante convértese entón nun pronome, pero o substantivo non se converte nun verbo. Cos determinantes como **esta** e **acel**, pódese agregar **la** diante do determinante:

- La profesora demanda **alga de atende**. – O profesor pediu un pouco de atención.
- **Multe de labora** pode ser evitada. – Pódese evitar unha gran cantidade de traballo.
- **La esta deside** non é un bo resultado. – Esta decisión non é un bo resultado.

## Preguntas

O elefen ten dous pronomes, que serven para facer [preguntas](#):

- **cual?** – «cal?» (= **cual cosa?**) ou «que?»
- **ci?** – «quen?» (= **cual person?**)

**Ci** soamente é pronome, e non pode usarse como determinante.

**Cual** é principalmente un determinante, pero tamén se usa a miúdo como pronome, se se acepta [o pequeno risco](#) de que expresións tales como **cual veni de Italia** poidan ser malinterpretadas.

Exemplos:

- **Cual** tu gusta? – Cal che gusta?
- **Cual** tu prefere, la rojas o la verdes? – Cales prefires: as vermellas ou as verdes?
- **Ci** vole es un milionor? – Quen quere ser millonario?
- Tu vade a la sinema con **ci**? – Con quen vas ao cinema?
- **Cual** es en la caixa? – Que hai na caixa?
- Vos prefere **cual**? – Que é o que prefires?

Tamén se usa **ci** e **cual** en [preguntas indirectas](#).

## **Pronombres relativos**

**Cual** e **ci** funcionan tamén como pronomes relativos, introducindo unha proposición relativa:

- **cual** – que
- **ci** – quen (= **la person cual...**)

O pronome relativo para unha persoa ou un animal é **ci**. O pronome relativo para unha cousa é **cual**:

- Esta es la fem de **ci** me ia compra mea auto. – Esta é a muller á cal comprei o meu coche.
- La fem de **ci** me ia oblida sua nom es denova a la porte. – A muller de quen me esquecín o seu nome está de novo na porta.
- A, vide la patetas **ci** segue sua madre! – Ah, mira os patitos que seguen á súa nai!
- La libro **cual** me leje es tro longa. – O libro que leo é demasiado longo.
- La casa **en cual** nos abita es tro peti. – A casa en que vivimos é demasiado pequena.
- La superstisios – me gusta esta parola! – **cual** me ia investiga es riable. – As supersticións – gústame esa palabra –, sobre as que investiguei, son ridículas.
- El esperia un sonia **cual** el teme. – Ela experimenta un soño que teme.

- *Compara:* El esperia un sonia ce el teme. – Ela experimenta un soño (no cal) ten medo.

Con algunhas oracións de relativo, a frase principal omite o substantivo ao que a frase se refira. O propio pronome relativo aparece no lugar do substantivo. En tales casos, para evitar confusións, pódese utilizar **lo cual** en lugar de **cual** e **el ci** en lugar de **ci**:

- Acel es **lo cual** me ia comprende. *Me ia comprende acel informa.* - Iso é o que entendín. *Entendín aquel informe.*
- Me comprende **lo sur cual** on ia instrui me. *On ia instrui me sur alga cosa, e me comprende lo.* - Entendo iso sobre o cal se me instruíu. *Instruíuseme sobre unha cousa, e compréndoo.*
- Me no recorda **(el) ci** me ia vide. *Me ia vide el, ma me no recorda el.* - Non recordo a ela a quen xa vi. *A vi, pero non a recordo.*
- Me no recorda **(el) a ci** me ia parla. *Me ia parla a el, ma me no recorda el.* - Non recordo a el, a quen lle falei. *Faleille a el, pero non lle lembro.*

## Outros pronomes

Hai catro pronomes especiais para indicar ás persoas. Só se usan en singular:

- **algun** – «algún», «alguén» (= **alga un**, **alga person**)
- **cualcun** – «calquera», «calquera persoa» (= **cualce un**, **cualce person**)
- **cadun** – «cada un», «cada quen» (= **cada un**, **cada person**)



- **nun** – ninguén (= **no un, no person**)

Exemplos:

- **Algun** entre nos es la asasinor. – Alguén entre nós é o asasino.
- Dise acel broma a **cualcun**, e el va rie. – Conta ese chiste a calquera persoa e rirase.
- **Cadun** debe reseta un premio. – Cada un debe recibir un premio.
- Me senta en la atrio per un ora, e **nun** ia parla a me. – Síntome na sala durante unha hora e ninguén me dirixe a palabra.

Os correspondentes de **algun, cualcun, cadun** e **nun** para as cousas son **alga cosa** («algo»), **cualce cosa** («calquera/a»), **cada cosa** (cada cousa) y **no cosa** («nada»).

Normalmente, os pronomes non son modificables por [determinantes](#) ou [adxectivos](#), pero poden ser modificados por [grupos preposicionais](#):

- **Nos en la sindicato** esije plu directos. – Reivindicamos máis dereitos no sindicato.
- **Tota de la lenio** es danada. – Toda a madeira está estragada.
- **La plu de esta linguas** es difisil. – A maior parte desas linguas son difíciles.

# Adxectivos

Un adxectivo é unha palabra que modifica o sentido dun [substantivo](#). Representa as calidades do que é indicado polo substantivo.

En elefen, os adxectivos non varían en xénero nin en número.

## Orde das palabras

A maior parte dos adxectivos colócanse detrás do substantivo ao que modifican. Con todo **bon** (“bo/a”) e **mal** (“malo/a”) adóitanse colocar diante do substantivo, salvo se son eles mesmos os modificados:

- un **bon** can – un bo can
- un can plu **bon** – un can mellor
- la **mal** enfante – o neno malo
- un **mal** can bon instruida – un mal can ben ensinado
- **bon** enfantes mal comprendeda – nenos bos mal entendidos

Na maioría dos casos, é posible engadir máis dun adxectivo cualificativo sen causar confusión. Pero nalgúns casos, un dos adxectivos pode ser entendido como un adverbio o que altera o significado do adxectivo seguinte. Pódese colocar **e** entre os adxectivos para evitar confusión:

- la nara **vera longa** – a historia moi longa (*vera* = adverbio)

- la nara **vera e longa** – a historia verdadeira e longa (*vera = adxectivo*)
- la om **grande, forte, e stupida** – o home grande, forte e estúpido (*tres adxectivos*)

Nalgúns casos, pódese colocar un adxectivo diante do substantivo: por razóns de estilo en poesías ou narracións, ou cando se trata de adxectivos de peso similar:

- la **peti** casa bela – a casiña encantadora
- un **fea** arbor vea – unha árbore vella e fea

Os adxectivos que máis conveñen para este uso son os máis simples e curtos, como **bela, fea, nova, vea, grande, e peti**.

## Comparación

Fórmanse os adxectivos de comparación engadindo os adverbios **plu** (“máis”) e **min** (“menos”). “Que” é **ca** en elefen:

- La cosina es **plu calda ca** la jardin. – A cociña é máis calorosa que o xardín.
- Esta leto es **min confortosa ca** me ia previde. – A cociña é máis calorosa que o xardín.

Fórmanse os adxectivos superlativos engadindo os adverbios **la plu** (“o máis”) e **la min** (“o menos”):

- La sol es la ojeta **la plu calda** en la sistem solal. – O sol é o astro máis quente do sistema solar.

- El ia ave un fia **la plu bela** en la mundo. – Tiña un filla, a máis bela do mundo.

Pódese combinar un ordinal coa construción superlativa:

- Vega es la stela **sinco la plu brillante** en la sielo de note. – Vega é a quinta estrela máis brillante no firmamento.
- El ia deveni la om **tre de la plu ricos** en la mundo. – Converteuse no terceiro home máis rico do mundo.

Os comparativos de igualdade fórmanse coa combinación **tan... como...** (“tan... como...” ou “tan... coma...”):

- La arbor ia es **tan alta como** un casa. – A árbore é tan grande como a casa.

## **Adxectivos como substantivos**

Pódese transformar un adxectivo nun substantivo cuxo sentido é un ser que posúe a calidade dese adxectivo. O substantivo resultante segue as regras habituais dos substantivos: toma o **-s** do plural, depende de determinantes e pode ser modificado por adxectivos:

- Esta anelo es perfeta sirculo. Lo es **un sirculo perfeta**. – Este anel é perfectamente circular. É un **círculo perfecto**.
- Marilyn es un **blonde**, e seniores prefere **blondes**. – Marilyn é loura e os homes prefírenas **louras**.

# Adverbios

Do mesmo xeito que os adxectivos, que son palabras que modifican os substantivos; os adverbios son palabras que modifican case calquera outra cousa: verbos, adxectivos, outros adverbios, determinantes, preposicións, sintagmas nominais e mesmo frases enteiras. Normalmente, os adverbios dan información sobre lugar, tempo, circunstancia, causa, forma ou grao.

## Posición

En galego, os adverbios e os adxectivos teñen a mesma forma. A diferenza vese claramente na posición: os adxectivos seguen aos substantivos, os adverbios seguen aos verbos e preceden outras palabras:

- La om **ia studia atenciosa** la testo. – O home estudou detidamente o texto. (*modificando o verbo*)
- Me ia veni asi en un tren **riable** lenta. – Vin aquí nun tren ridículamente lento. (*modificando o adxectivo*)
- La tren ia move **asurda** lenta. – O tren moveuse absurdamente lento. (*modificando outro adverbio*)
- Me no **oia multe bon** tu. – Non podo oírche moi ben. (*«multe» modifica «bon», e «multe bon» modifica «oia»*)
- **Cuasi** sento persones ia espeta sur la plataforma. – Case un centenar de persoas esperaban na plataforma. (*modificando un cuantificador*)

- On ia escava un buco **direta** ante mea porte. – Cavaron un buraco xusto en fronte da miña porta. (*modificando unha preposición*)
- **Sola** la manico es rompeda. – Só o mango está roto. (*modificando o sintagma nominal*)
- **Strana**, el ia porta un balde de pexes. – Curiosamente, el levaba un cubo de peces. (*modificando unha frase*)

Un adverbio (ou unha frase adverbial) que modifica un verbo (ou a frase enteira) tamén se pode colocar ao principio da oración. E se non provoca confusión, un adverbio pode situarse tamén despois do obxecto dun verbo ou no final da frase:

- El danza **bon**. – Ela baila ben.
- **Pronto** el va cade. – Pronto caerá.
- **Surprendente**, el es un xico **multe bon**. – Sorprendentemente, é un moi bo mozo.
- Me no oia tu **multe bon**. – Non podo oírche moi ben.
- *pero*: Me leje **felis** la libro. – Leo o libro felizmente.

Nalgúns casos, un adverbio diante dun adxectivo pode estar unido por un guion para aclarar o significado:

- la parolas **nova-creada** – as palabras recentemente creadas

Pódese aclarar tamén un significado verbal dicindo **en modo** ou a **grado**:

- La melodia es bela **en modo** sorprendente. – A melodía é asombrosamente boa.

# Comparación

A comparación de adverbios é exactamente como a [comparación de adxectivos](#).

## Adverbios primarios

Ademais da enorme cantidade de adverbios derivados de adxectivos, o elefen ten algunhas palabras que son soamente adverbios:

- **apena** – «apenas»
- **cisa** – «quizá», «quizais», «talvez»
- **cuasi** – «case»
- **tan** – «tan» (ata tal punto)
- **tro** – «demasiado» (*en exceso*)
- **asi** – «aquí», «acá»
- **ala** – «aí», «alí», «alí»
- **an** – «mesmo» (contrariamente ao esperado)
- **ance** – «tamén»
- **ancora** – «aínda»
- **aora** – «agora»
- **alora** – «entón» (neste momento)
- **poi** – «e despois»
- **denova** – «outra vez», «de novo», «novamente»
- **ja** – «xa»
- **nunca** – «nunca»
- **sempre** – «sempre»
- **ier** – «onte»

- **oji** – «hoxe»
- **doman** – «mañá» (ao día seguinte)

**Tan** utilízase en exclamacións:

- Un vista **tan** bela! – Que fermosa vista!
- **Tan** stonante! – Que increíble!

## **Adverbios cuantificadores**

Certos cuantificadores poden converterse en adverbios, indicando a extensión ou grao en que algo é o caso.

- **no** – «no»
- **alga** – «algúns/as», «algo», «bastante»
- **multe** – «moitos/as», «moito»
- **poca** – «poucos/as», «pouco»
- **plu** – «máis»
- **min** – «menos»
- **la plu** – «o máis»
- **la min** – «o menos»

**No** como un adverbio significa «non», «de ningunha maneira». Nega o que modifica. Como caso especial, cando modifica un verbo, *precede* ao verbo:

- Los **no** va comprende. – Non van entender.
- Nos ave **no** sola un orania, ma ance du bananas. – Temos non soamente unha laranxa, tamén dous plátanos.



- O, **no** esta problem denova! – Oh, este problema outra vez non!

**Alga** como adverbio significa «algúns/as», «algo», «bastante», «en certa medida»:

- Acel es un caso **alga** spesial. – Iso é un caso bastante especial.
- **Alga** confusada, el ia cade en la lago. – Algo confundido, caeu no lago.

**Multe** como adverbio significa «moito», «moi», «en gran medida»:

- Me es **multe** coler. – Estou moi anoxado.
- El ama **multe** la femes. – Gústalle moito as mulleres.

**Poca** como adverbio significa «pequeno/a», «lixeramente», «en menor medida»:

- Me es **poca** interesada. – Non estou moi interesado.
- El core **poca**. – Ela corre pouco.

**Plu** e **min** como adverbios significan, respectivamente «máis» e «menos» (ou «en maior medida» e «en menor medida»):

- Tu aspeta **plu** joven ca me. – Vesche máis novo ca min.
- No parla **plu**. – Non fales máis.
- Me es **min** contente con la resulta ca me ta prefere. – Estou menos satisfeito do resultado do que quixese.

**La plu e la min** como adverbios significan, respectivamente, «o máis» e «o menos» (ou «na medida máxima» e «na medida mínima»):

- “Pardona” es la parola **la plu** difisil. – “Síntoo” é a palabra máis difícil.
- El es la om **la min** interesante en la mundo. – El é o home menos interesante do mundo.
- A **la min**, nos ave ancora la un la otra. – Polo menos témonos o un ao outro.

## **Adverbios interrogativos e relativos**

Os seguintes adverbios poden usarse de varias maneiras:

- **cuando** – «cando»
- **do** – «onde»
- **como** – «como»
- **cuanto** – «cantos/as», «canto»
- **perce** – «por que»

Crean preguntas directas e indirectas, e introducen as oracións de relativo. Como unha extensión do seu uso relativo, tamén se comportan como conxuncións e introducen cláusulas adverbiais – **cuando**, por exemplo, é entón a forma abreviada de **a la tempo cuando**. Tamén poden ser introducidos por preposicións.

**Cuando** significa «cando» (**a cual tempo, en cual tempo**):

- **Cuando** nos va come? – Cando imos comer?

- La enfante demanda **cuando** nos va come. – O neno está a preguntar cando imos comer.
- En la anio **cuando** me ia nase, la clima ia es multe calda. – No ano en que eu nacín, o tempo era moi cálido.
- **Cuando** nos ariva, me va dormi. – No momento en que cheguemos, vou durmir.
- Nos va canta **ante cuando** nos danza. – Imos cantar antes de bailar.
- Nos va danza **pos cuando** nos canta. – Imos bailar despois de cantar.
- Nos va danza **asta cuando** nos adormi. – Imos bailar ata que nos durmamos.

**Do** significa «onde» (**a cual loca, en cual loca**). Cando se usa cun verbo de movemento, **do** a miúdo significa «onde»:

- **Do** es la can? – ¿Onde está o can?
- Me no sabe **do** nos vade. – Non se onde imos.
- En la pais **do** me ia nase, la clima es multe calda. – No país onde nacín, o clima é moi cálido.
- El ia dormi **do** el sta. – Durmía onde se atopaba.
- Me veni **de do** tu ia visita me. – Veño de onde me visitaches.
- La polisior ia desinia un sirculo **sirca do** el ia trova la clave. – O policía debuxou un círculo ao redor de onde se atopou a chave.

**Como** significa «como» (**en cual modo**). Tamén serve como unha preposición que significa «igual», «como»:

- **Como** tu conose mea nom? – Como sabes o meu nome?

- Me no comprende **como** tu conose mea nom. – Non entendo como sabes o meu nome.
- La manera **como** tu pasea es riabile. – A forma en que camiñas é ridícula.
- Me parla **como** me pensa. – Falo como penso.
- La describe ia difere multe **de como** la loca aspeta vera. – A descripción é moi diferente de como realmente se ve o lugar.
- Tua oios es **como** los de un falcon. – Os teus ollos son como os dun falcón.

**Cuanto** significa «canto» o «cantos/as» (**en cual cuantia**). Tamén serve como un cuantificador co mesmo significado:

- **Cuanto** la oroloji custa? – Canto custa o reloxo?
- **Cuanto** tu ia compra? – Cantos compraches?
- **Cuanto** tu desira esta torta? – Canto queres este pastel?
- Me va demanda **cuanto** ia ariva. – Vou preguntar cantos chegaron.
- Nos va aida **cuanto** nos pote. – Imos axudar en todo o que poidamos.
- Tu sabe **cuanto** me ama tu? – Sabes canto che amo?

**Perce** significa «por que» (en varios sentidos: **par cual causa**, **per cual razona**, **con cual intende**). As conxuncións correspondentes son **car** («porque», «pola razón de que») e **afin** («para que», «coa intención de que»). A palabra especial **perce** utilízase sempre, e non **per cual**:

- **Perce** tu core? – Por que corres?

- La fem ia demanda **perce** la fenestra es rompeda. – A muller preguntou por que estaba rota a xanela.

# Verbos

Un verbo expresa a execución ou o cesamento dunha acción (correr, parar), unha relación (ter, perder) ou un estado (derreterse). En elefen, os verbos non cambian a súa forma para indicar, por exemplo, os tempos ou os modos. No seu lugar utilízanse adverbios, especialmente as tres partículas preverbiales **ia**, **va** e **ta**. Un verbo pode usarse como un substantivo sen facer cambios.

## Tempos

O futuro fórmase con **va** (unha palabra de orixe francesa). Os tempos do pasado, incluíndo o perfecto e o pluscuamperfecto, fórmanse con **ia** (que procede do chabacano). Estes son os adverbios especiais que *preceden* ao verbo. O tempo presente non ten ningunha marca:

- Me **canta**. – Canto.
- Me **va canta**. – Cantarei / Vou cantar.
- Me **ia canta**. – Cantei / Cantaba / Estaba a cantar / Cantara.

Nas narracións a miúdo descríbense sucesos que ten lugar no pasado (ou nun pasado imaxinado) cuxa localización no tempo non é motivo de preocupación para o lector. En tales casos pode omitirse o **ia**.

O elefen non distingue os aspectos perfecto e imperfecto do verbo (por exemplo: «comín», «adoitaba comer», «comín», «comera»). Con todo, pódese aclarar facilmente a secuencia temporal de dúas accións marcando a primeira con **ja** (“xa”):

- Cuando tu ia encontra nos, nos **ia come ja**. – Cando nos atopamos, xa comeramos.
- Si tu reveni doman, me **va fini ja** la labora. – Se volves mañá, (xa) terei acabado o traballo.
- Sempre cuando me ateni la fini de un capitol, me **oblida ja** la titulo. – Cada vez que chego ao final dun capítulo, (xa) esquecín o título.

Hai outras formas de aclarar a secuencia temporal:

- Me ia come **ante aora**. – Comín antes de agora.
- Me ia come **plu temprana**. – Comín antes.
- Me ia **fini** come. – Terminei para comer.
- Me va come **pronto**. – Vou comer pronto.
- Me **comensa** come. – Empezo a comer.
- Me va come **pos acel**. – Vou comer despois diso.
- Me va come **plu tarda**. – Vou comer máis tarde.
- Me ia **abitua** come en la note. – Adoitaba comer na noite.
- Me ia come **abitual** en la note. – Adoitaba comer na noite.

O elefen ten tamén **ta**, unha partícula facultativa (que vén do crioulo haitiano) e que pode utilizarse para indicar que algo é irreal ou imaxinario, hipotético ou simplemente posible ou desexable. Unha frase con **ta** aborda unha realidade alternativa. Nas frases que comezan por **si**, “ta” engádese á oración principal,

pero xeralmente omítese a oración subordinada que comeza por **si** – pero o seu emprego non está prohibido. O uso de **ta** pode suxerir un futuro menos probable que un que usa **va**. Tamén se pode utilizar **ta** para indicar unha petición educada. Pode usarse en varias situacións que en moitos idiomas utilizan un modo condicional ou subxuntivo:

- Si me **ta rena** la mundo, cada dia ta es la dia prima de primavera. – Si gobernara el mundo, todos los días serían el primer día de la primavera.
- Si lo no existe, on **ta debe** inventa lo. – Se non existise, terían que inventalo.
- Si tu canta, me va escuta. – Se cantas, escoitarei.
- Si tu va canta, me va escuta. – Se vas cantar, vou escoitar.
- Si tu canta, me ta escuta. – Se cantas, escoitareiche.
- Si tu ta canta, me ta escuta. – Se cantases, escoitaríache.
- Me duta ce tu **ta dise** acel. – Dubido que dixeses iso.
- Tu **ta dona** la sal, per favore? – Poderías pasarme o sal, por favor?

En xeral, só se pode utilizar unha partícula preverbal **va**, **ia** ou **ta** con cada verbo. A única excepción é **ia ta**, que ten o mesmo significado que o condicional perfecto nas linguas romances e «would have» en inglés. Un exemplo é un comentario gracioso de Richard Nixon:

- Me **ia ta** es un bon pape. – “*I would have made a good Pope.*” – Tería sido un bo papa.



## Imperativo

O imperativo, ou a forma verbal de dar ordes, non se marca. Diferénciase do presente pola omisión do suxeito. O suxeito será normalmente **tu** ou **vos**, é dicir a persoa a quen se dirixe. Utilízase **ta ce** se o suxeito debe mencionarse:

- **Para!** = Detéñase!
- **Pardona** me. – Desculpe / Síntoo.
- **Toca** la tecla de spasio per continua. – Pulse a tecla de espazo para continuar.
- **Vade** a via, per favore! – Por favor, vaiche!
- **Ta ce** tua rena veni! – Que veña o teu reino!
- **Ta ce** nos danza! – Imos bailar!

## Negación

Os verbos néganse co adverbio **no**, que *precede* tanto ao verbo como a **va**, **ia** ou **ta**:

- Me **no labora** oji, e me **no va labora** doman. – Non traballo hoxe, nin vou traballar mañá.
- El **no ia pensa** ce algun es asi. – Non cría que houbera alguén aquí.
- **No traversa** la strada sin regarda. – Non cruces a rúa sen mirar.

## Participios

Un **participio** é un verbo que se usa como adxectivo ou adverbio. Os verbos forman participios activos (xerundios) con **-nte**, e participios pasivos con **-da**. Pódense usar tamén como substantivos. O participio activo implica tamén unha acción en curso, mentres que o participio pasivo suxire que a acción sucedeu no pasado:

- Un ruído **asustante** ia veni de la armario. – Un ruído aterrador veu do armario. (*adxectivo*)
- La om **creante** scultas es amirable. – O home creando esculturas é admirable. (*adxectivo = la om ci crea scultas*)
- El ia sta **tremante** en la porta. – Quedou tremendo na porta. (*adverbio*)
- Nos ia colie tota de la **composantes**. – Recollemos todos os compoñentes. (*substantivo*)
- Per favore, no senta sur la seja **rompeda**. – Por favor, non sente sobre a cadeira rota. (*adxectivo*)
- El ia leje **xocada** la reporta. – Leu o informe conmocionado. (*adverbio*)
- Sua novela va es un **bonvendeda**. – A súa novela será un éxito de vendas. (*substantivo*)

O participio activo pode ter un obxecto. Ademais, pódese utilizar como complemento do verbo **es** para transmitir unha idea de progresión:

- Me **es** lenta **asorbente** la informa. – Estou a absorber aos poucos a información.

- Me no ia disturba tu, car tu **ia es laborante**. – Non che molestei, porque estabas a traballar.

Unha construción de participio é a miúdo innecesaria, xa que hai outras formas de expresar este significado:

- Me **asorbe lenta** la informa. – Estou a absorber aos poucos a información.
- Vade a via, me **labora!** – Vaiche, estou a traballar!
- Me **continua** come. – Continuo comendo.
- Me come **continual**. – Como continuamente.
- Me come **tra la dia intera**. – Como durante todo o día.

O participio pasivo pódese utilizar como complemento dos verbos **es** ou **deveni** para dar un sentido pasivo. **Par** (“por”) introduce o axente dunha acción pasiva:

- Esta sala **ia es pintida** par un bufon. – Esta habitación foi pintada por un pallaso.
- La sala **deveni pintida**. – A habitación está a ser pintada.
- Acel ponte **ia es desiniada par** un inxenior famosa. – Esa ponte foi deseñado por un enxeñeiro famoso.
- Lo **ia deveni conoseda** ce el ia es un om perilosa. – Súbobose que era un home perigoso.

Unha oración activa con **on** ou **algun** como suxeito é a miúdo unha alternativa elegante a unha oración pasiva:

- **On** pinti la sala. – A habitación está a ser pintada.

- **On** no sabe cuanto persoas teme arañas. – Non se sabe cantas persoas teñen medo ás arañas.
- **Algun** ia come lo. – Alguén llo comeu.

\* O participio activo de **es** é **esente**:

- **Esente** un bufon, el ia senta sur la seja rompeda. – Como era un pallaso, sentou sobre a cadeira rota.

## Transitividade

Un **verbo transitivo** é un verbo que pode estar seguido directamente por un grupo nominal (un **obxecto**), sen preposición. Un **verbo intransitivo** non ten obxecto. Por exemplo:

- Me **senta**. – Estou sentado. (**senta** é intransitivo)
- La patatas **cocce**. – As patacas están a cocerse. (**cocce** é intransitivo)
- El **usa** un computador. – Ela usa unha computadora. (**usa** é transitivo)
- Los **come** bananas. – Están a comer plátanos. (**come** é transitivo)

A transitividade en elefen é flexible. Por exemplo, se se agrega un obxecto despois dun verbo intransitivo, o verbo vólvese transitivo. Desde un punto de vista semántico, o obxecto corresponde ao suxeito intransitivo, e o verbo quere dicir agora «causa que (o obxecto)...».

- Me **senta** la enfantes. – Sinto aos nenos. (= *Me causa ce la enfantes senta*)
- Me **coce** la patatas. – Cociño as patacas. (= *Me causa ce la patatas coce*)

O obxecto dun verbo transitivo pode omitirse se é obvio a partir da situación ou o contexto:

- El **canta** un melodia. – Está a cantar unha melodía. > El **canta**. – Canta. (= *El canta alga cosa*)

Cando o obxecto dun verbo e o suxeito son a mesma cousa, pódese utilizar un pronome reflexivo como obxecto:

- Me **senta me**. – Síntome. (= *Me deveni sentante*)
- La porte **abri se**. – A porta ábrese. (= *La porte abri – pero facendo fincapé que ninguén parece abrila ou que parece que ela se abre soa*)

E para precisar que un verbo está en forma transitiva, pódense utilizar expresións como **fa** ou **causa**:

- Me **fa** ce la enfantes senta. – Fago sentar aos nenos. (= *Me senta la enfantes*)
- Me **causa** ce la fango adere a mea botas. – Fago que o barro se adhira ás miñas botas. (= *Me adere la fango a mea botas*)

Nalgúns idiomas o suxeito dun verbo transitivo pode ter un complemento. En elefen, utilízanse outras construcións:

- Los ia eleje el **a** presidente. – Elixírono como presidente.  
(preposición que indica un resultado)
- Me ia pinti la casa **a** branca. – Pinteí a casa de branco.  
(preposición que indica o resultado)
- Me ia fa ce el **es** felis. – Fíxenlle feliz. (proposición nominal)
- El ia dise **ce** me es stupida. – Díxome que eu era parvo.  
(proposición nominal)

\* A única excepción é o verbo **nomi** (chamar/citar), e considérase como unha aposición:

- La esplorores ia nomi la rio **la Amazon**. – Os exploradores chamaron ao río o Amazonas. (= déronlle o nome de Amazonas)

## Verbos con suxeitos

Cada verbo finito ten en elefen un suxeito, mesmo se só é un pronome impersoal.

Nalgúns idiomas, omítese o suxeito dos verbos que se relaciona co clima ou o estado de ánimo xeral. En elefen úsase **lo**:

- **Lo neva**. – Neva.
- **Lo va pluve**. – Choverá.
- **Lo es** tro calda en esta sala. – Fai moita calor nesta habitación.
- **Lo es** bon – Iso é bo.

Do mesmo xeito, cando o suxeito real é un sintagma nominal, tras o verbo úsase **lo** antes do verbo:

- **Lo pare** ce tu es coreta. – Parece que tes razón.
- **Lo es** importante ce me no oblida esta. – O importante é que non se me esqueza.

Co verbo **es**, cando o suxeito é un pronome (do tipo **el**, **lo**, ou **los**) seguido dunha proposición relativa, pódese colocar a proposición relativa ao final da frase, e usar **lo** como pseudo-suxeito de **es**:

- **Lo es** me ci ama Maria. = O que ama a María son eu. – son eu o que ama a María.
- **Lo es** Maria ci me ama. = A que ama é María. – É María a que me ama.
- **Lo es** la bal blu cual me ia perde. = É a pelota azul a que perdín. = A pelota azul é o que perdín.

Utilízase **on ave** para indicar que unha cousa existe ou está presente:

- **On ave** un serpente en la rua. – Hai unha serpe no camiño.
- **On no ave** pexes en esta lago. – Non hai peixes neste lago.
- **On ave** multe persones asi oji. – Hai moita xente aquí hoxe.

## **Verbos usados como substantivos**

En elefen pódese usar un verbo como substantivo de dúas formas: o **infinitivo** e o **substantivo verbal**. Ambos usan o verbo sen modificar.

O infinitivo introduce unha clase especial de proposición nominal, chamada «proposición infinitiva», cuxo significado é como unha proposición introducida por ce. O infinitivo continúa sendo un verbo, capaz de ser seguido por adverbios e un obxecto, e de negación pola palabra **no**, posta diante del. É importante remarcar que non acepta suxeito ou un indicador de tempo ou estado de ánimo.

O uso máis común dunha proposición infinitiva é como obxecto doutro verbo. Os suxeitos de ambos os verbos son usualmente o mesmo, pero poden ser diferentes se o significado o suxire, como no exemplo con **proibi** debaixo:

- Me **espera ariva** ante tua parti. – Espero chegar antes da súa saída.
- Me **ia gusta** multe **escuta** oji mea musica. – Gustoume moito escoitar a miña música hoxe.
- On **pote** nunca **spele** coreta mea nom. – As persoas nunca poden deletrear o meu nome correctamente.
- El **teme** no **velia** en la matina. – Ten medo de non espertarse pola mañá.
- La empleor **proibi come sanduitxes en la ofisia**. - O empregador prohíbe comer sándwichs na oficina.



Os infinitos a miúdo tamén son atopados logo de [preposicións](#), onde se poden aceptar pero non antes deles; e adverbios e un obxecto despois deles:

- Me viaja **per vide** la mundo. – Viaxo para ver o mundo.
- El ia mori **pos nomi** sua susedor. – Morreu despois de designar ao seu sucesor.
- El ia abri la noza **par colpa** lo forte con un martel. – Abriu a noz golpeándoa fortemente cun martelo.
- On no pote pasea tra la mundo **sin lasa** impresas de pede. – Non se pode viaxar polo mundo sen deixar pegada.

Por contraste, o substantivo verbal é só un substantivo, e normalmente é precedido por **la** ou outro determinante. O substantivo denota un suceso ou a acción do verbo, ou o seu resultado inmediato. Pode aceptar adxectivos, pero debe usarse unha preposición (normalmente **de**) se necesita incluírse un suxeito:

- **Sua condui** ia es vera xocante. – O seu comportamento foi realmente impactante.
- El ia destrui **sua labora intera**. - Ela destruíu o seu traballo enteiro.
- La valsa e la samba es **dansas**. – O valse e a samba son bailes.
- Esta va es **un ajunta** bela a la ragu. – Isto vai ser un bo complemento para o guiso.

- Me ia prepara **du traduis** de la testo. – Preparei dúas traducións do texto.
- «Lfn» es **un corti** de «lingua franca nova». – «LFN» é unha abreviación de «lingua franca nova».
- La universo ia es estrema peti a la momento de **sua crea**. – O universo era extremadamente pequeno no momento da súa creación.

Cun verbo como **ajunta**, hai pouca diferenza entre **un ajunta** e **un ajuntada**. Pero **la traduida** é o texto orixinal a partir do cal se produce **la tradui**, de igual forma que **un crea** é o acto de crear **un creada**. Esta é a consecuencia da importancia dos obxectos dos propios verbos: **-da** fai sempre referencia ao obxecto. Con **crea**, o obxecto é tamén o resultado dun acto; pero con **tradui**, o obxecto é o resultado de dúas cousas diferentes. Para algúns verbos, por exemplo **dansa**, onde o obxecto e o acto son a mesma cousa, dise **un dansa**, e non **un dansada**.

Unha proposición infinitiva pode ser usada como o suxeito dun enunciado:

- **Nada** es un eserse gustable. – Nadar/a natación é un exercicio agradable.
- **Nada en fango** no es un eserse gustable. - Nadar en barro non é un exercicio agradable.
- **Scrive la novela** ia aida el a boni sua stilo. - (O) escribir a novela axudouna a mellorar o seu estilo.

Pero, na escritura, se unha proposición infinitiva é longa, o lector podería interpretar mal o verbo infinitivo como unha orde, ao menos ata que se descubra o verbo principal do enunciado. Pódese evitar isto cambiando o infinitivo por un substantivo verbal, agregando **la** ou outro determinante diante da proposición, ou usando o plural:

- **La nada en fango** no es un eserse gustable. - A natación en barro non é un exercicio agradable.
- **La scrive de la novela** ia aida el a boni sua stilo. – A redacción da novela axudoulle a mellorar o seu estilo.
- **Eras** es umana, **pardonas** es divin. – (O) Errar é humano, (o) perdoar é divino.

# Preposicións

Unha preposición é unha palabra especial que introduce un [grupo nominal](#), formando unha frase preposicional. Unha frase preposicional normalmente modifica un substantivo, pronome, adxectivo, adverbio ou pode modificar unha frase completa. A preposición indica como o sintagma nominal se refire á estrutura contida, mostrando a función que ten na modificación.

O elefen ten 22 preposicións.

## **a**

**A** significa «en» (ás veces, pódese traducir como «a» en galego). Presenta un lugar ou un tempo como un punto simple, ou como un espazo xeral ou período, ignorando a súa estrutura interna:

- Nos senta **a** la table. – Estamos sentados á mesa.
- Me va encontra tu **a** la crus de vias. – Atopámonos no cruzamento.
- La scala apoia **a** la mur. – A escaleira está apoiada no muro.
- Tua casa es **a** lado de mea casa. – A túa casa está á beira da miña.
- El reposa **a** casa. – Está a descansar en casa.
- Sudan es **a** sude de Misre. – Sudán está ao sur de Exipto.
- La barco es **a** mar. – O barco está no mar.
- El ia fini la labora **a** la comensa de la anio. – Acabou o traballo ao principio do ano.

- **A** medianote, on va vide focos artal. – A medianoite, haberá fogos artificiais.
- Me debe parti **a** la ora des-ses. – Teño que irme ás dezaseis horas.

Por extensión en sentido figurado, **a** introduce o punto de referencia nunha relación:

- Tu sta tro prosima **a** la borda. – Estás parada demasiado preto do bordo.
- La forma de Italia es simil **a** un gama. – A forma de Italia é similar a unha perna.
- Esta pen parteni **a** me. – Esta pluma pertéceme.
- Cual aveni si on no conforma **a** la reglas? – Que pasa se un non se axusta ás regras?
- **A** la min tredes persones espeta. – Polo menos trinta persoas están a esperar.

Ademais, **a** pode expresar o movemento cara a un punto. Isto inclúe movementos metafóricos como as transferencias aos beneficiarios, e cambia a un estado novo:

- Me viaja **a** New York. – Estou a viaxar a Nova York.
- Pone tua libros **a** via. – Pon os teus libros a distancia.
- El leva sua oios **a** la sielo. – Levanta os seus ollos ao ceo.
- El ia dona un oso **a** la can. – Deulle un óso ao can.
- La sorsor ia cambia se **a** un capra. – O mago transformouse nunha cabra.
- La seja ia cade **a** pesos. – A cadeira caeu en pedazos.

- La xico ia ajunta sua nom **a** la lista. – O mozo engadiu o seu nome á lista.
- Dise **a** me tua nom. – Dime o teu nome.
- Me no va responde **a** acel demanda. – Non vou responder a esa pregunta.
- Nos desira **a** tu un bon aniversario. – Desexámosche uns bos aniversarios.
- Tua idea pare asurda **a** me. – A túa idea paréceme absurda.
- Me pasea longo la strada, de un fini **a** la otra. – Paseo ao longo da rúa, dun extremo ata o outro.
- Tu irita me de tempo **a** tempo. – Ti moléstasme de cando en vez.
- La note progresa **a** la lus prima. – A noite avanza cara ao amencer.
- De lundí **a** xoves es cuatro días. – De luns a xoves hai catro días.

De feito, calquera preposición que indica unha localización tamén pode indicar movemento cara a esa localización. Por exemplo, en **me pone mea libros en mea saco** (“Poño os meus libros no meu bolso”), **en**, obviamente, implica o movemento “dentro”. Cando se necesita unha aclaración adicional, **a** pódese colocar antes da preposición para aclarar o sentido de movemento cara a:

- Core **a** la casa. – Corre á casa.
- Core **en** la casa. – Corre na casa.
- Core **a en** la casa. – Corre dentro da casa.
- La gato salta **sur** la table. – O gato salta na mesa.

- La gato salta **a sur** la table. – O gato salta sobre a mesa.

Un uso especial de **a** é ante unha preposición, para crear un adverbio. Se a preposición denota un lugar, a combinación suxire o movemento na dirección indicada. **A ante** e **a pos** tamén se utilizan para referirse aos tempos anterior ou posterior:

- La can core **a ante**. – O can corre cara a adiante.
- Tu pote pone tua saco **a supra**. – Podes poñer o teu saco arriba.
- La sumerjor ia vade **a su**. – O mergullador mergullouse.
- Vide **a su**. – Mira abaixo.
- Me ia visita esta vila **a ante**. – Visitei este pobo antes.
- Nos pote reveni **a pos**. – Podemos volver despois.

Outro uso especial de **a** é engadir un complemento ao obxecto nunha oración. (Nalgúns casos, tamén se poden utilizar outras preposicións para este propósito.)

- El ia pinti sua casa **a blanca**. – Pintou a súa casa de branco.
- Me va servi la gambas **a/en fria**. – Servirei as gambas frías.
- Los ia eleje Maria **a/per** presidente. – Elixiron a María como presidente.

O complemento pode ser un infinitivo. **Per** pódese utilizar en lugar de **a**, pero entón o significado é que o suxeito do verbo principal ten a intención de realizar a acción do verbo infinitivo. **A** indica que o suxeito propón ao obxecto que o faga:

- El comanda la soldatos **a** ataca la fortres. – Ordénase aos soldados para atacar a fortaleza.
- Me va instrui vos **a** parla la lingua. – Ensinareivos a falar a lingua.

## **ante**

**Ante** significa «antes» ou «diante de». É contrario a **pos**.

No espazo, **ante** indica unha localización na parte máis importante dun obxecto especificado. De que lado é máis importante depende do obxecto e o seu contexto. Moitas cousas teñen unha parte obvia que está fronte ao mundo; noutros casos **ante** simplemente significa «no lado máis próximo de»:

- Mea peto es **ante** mea dorso. – O meu peito está en fronte das miñas costas.
- La jornales es **ante** la libros. – Os diarios están diante dos libros.
- Lo es tan oscur ce me no pote vide mea mano **ante** mea oios. – Está tan escuro que non podo ver a miña man diante dos meus ollos.
- Un can reposa **ante** la boteca. – Un can está botado diante da tenda.
- Nos ave multe labora **ante** nos. – Temos moito traballo ante nós.

Referido ao tempo, **ante** indica un punto que precede a un momento determinado:



- Janero veni **ante** febrero – Xaneiro vén antes que febreiro.
- Los intende fini la labora **ante** la reposa de sol. – Tentan acabar o traballo antes do anoitecer.
- Verje a sinistra **ante** la fini de la strada. – Xira á esquerda antes do fin da rúa.
- Nos esperia la lampo **ante** la tona. – Experimentamos o raio antes do trono.

**Ante** tamén pode indicar o movemento dun punto fronte a algo (= **a ante**):

- On ia pone un monton de libros **ante** me. – Eles puxeron unha chea de libros ante min.
- Me veni **ante** tu per demanda per tua pardona. – Veño diante túa para pedir o teu perdón.

**Ante cuando**, ou **ante ce**, significa “antes” como conxunción («antes do momento que»):

- Nos vide la lampo **ante cuando** nos oia la tona. – Vemos a luz antes de oír o trono.

## **asta**

**Asta** significa «ata» un lugar, obxecto ou momento:

- El ia acompania me **asta** mea auto. – Acompañoume ata o coche.
- La tera es covreda con neva **asta** la montania. – A terra está cuberta con neve ata a montaña.

- Me es empapada **asta** mea pel. – Estou empapado ata a pel.
- La custa ia cade **asta** sola un euro. – O prezo caeu ata só un euro.
- El ia visita cada pais de Andora **asta** Zambia. – Ela visitou todos os países desde Andorra ata Zambia.
- Studia la pajes dudes-sinco **asta** cuatrodes-du. – Estuda as páxinas desde a 25 ata a 42.

Isto conduce á sensación temporal de **asta**, que é «ata»:

- El labora **asta** medianote. – El traballa ata medianoite.
- Espeta **asta** la estate. – Espera ata o verán.
- **Asta** doman! – Ata mañá!

## **ca**

**Ca** significa «que». Indica o punto de referencia para unha comparación de desigualdade:

- Mea can es plu intelijente **ca** me. – O meu can é máis intelixente ca min.
- Acel es multe min interesante **ca** esta. – Ese é moito menos interesante que este.
- La sielo e tera ave plu cosas **ca** tu imajina en tua filosofia. – Hai máis cousas no ceo e a terra que as que ti imaxinas na túa filosofía.

## **como**

**Como** significa «como» ou «similar a». Indica o punto de referencia para unha comparación de igualdade:

- El rie **como** un iena. – Ri como unha hiena.
- Tua cor es dur **como** petra. – O teu corazón é duro como unha pedra.
- Iogurte es **como** crema. – O iogur é como a crema.
- Tu ia veni a la mesma conclui **como** me. – Chegaches á mesma conclusión ca min.
- Me pote salta tan alta **como** tu. – Podo saltar tan alto coma ti.
- Condui **como** un adulte. – Compórtate como un adulto.

## **con**

**Con** significa «con». É contrario a [sin](#).

Introduce un acompañante, cousa ou estado:

- Me vide la xica **con** sua padre. – Vexo á moza co seu pai.
- Los vole come **con** nos. – Eles/as queren comer connosco.
- Nos bevi cafe **con** lete. – Nós bebemos café con leite.
- On ia misca la zucar **con** sal. – Mesturouse o azucre co sal.
- No multe parolas comensa **con** X. – Non moitas palabras empezan con X.
- El ia dona a me un libro **con** multe fotos. – Deume un libro con moitas fotos.
- Elena es un xica **con** capeles roja. – Elena é unha moza roxa.
- La om vea senta **con** un pipa en sua boca. – O ancián está sentado cunha pipa na boca.

- Sua sposita regarda el **con** stona. – A súa esposa mírao con asombro.
- Compara esta **con** la clima de ier. – Compara este con o clima de onte.
- Tota cambia **con** la pasa de tempo. – Todo cambia co paso do tempo.
- A cada dia, me leva **con** la sol. – Cada día, levántome co Sol.
- E **con** acel parolas, el ia desapare. – E con esas palabras, ela desapareceu.

**Con** tamén pode significar «por medio de», que presenta algo que se utiliza como unha ferramenta:

- Me scrivo **con** un pen. – Escribo cunha pluma.
- Nos oia **con** nosa oreas. – Oímos coas nosas orellas.
- La cavalo colpa **con** sua pede. – O cabalo golpea coa súa pata.
- El ia compra un casa **con** la mone cual el ia erita. – Comprou unha casa co diñeiro que herdou.

Cando unha acción se produce grazas a algo máis ou menos abstracto, similar á ferramenta, préfirese **par**.

**An con** significa «mesmo con»:

- Nos va fali **an con** tua aida. – Equivocarémonos mesmo coa túa axuda.

**contra**

**Contra** significa «contra».

Presenta algo que se enfrenta ou se move na dirección oposta, xa sexa desde un punto de vista real ou metaforicamente:

- Clui tua oios **contra** la lus. – Pecha os teus ollos contra a luz.
- Esta camera es secur **contra** acua. – Esta cámara é acuática.
- La elinicas antica ia batalia **contra** Persia. – Os antigos gregos loitaron contra Persia.
- La scala es **contra** la serca. – A escaleira está contra o valo.
- El lisca e cade **contra** la mur. – Deslízase e cae contra a parede.
- Nada **contra** la flue es difisil. – Nadar contra a corrente é difícil.
- Me es **contra** la gera. – Estou en contra da guerra.
- Tu ia ata **contra** mea desiras. – Ti xa actuaches en contra dos meus desexos.

## **de**

**De** significa «de». Presenta algo como a orixe:

- Me es **de** New York. – Son de Nova York.
- Me viaja **de** Paris a London. – Viaxo de París a Londres.
- La paperes ia cade **de** la fenetra. – Os papeis caeron da xanela.
- Me ia reseta un letera **de** la re. – Recibín unha carta do rei.
- La furor asconde sua fas **de** la cameras. – O ladrón escondeu o seu rostro das cámaras.
- La acua difere **de** la asida par sua cimica. – A auga diferénciase do ácido pola súa química.

- La resulta depende **de** la metodo usada. – O resultado depende do método usado.
- Nos labora ja **de** la lus prima. – Estivemos traballando desde o amencer.
- Multe anios ia pasa **de** la gera. – Pasaron moitos anos desde a guerra.
- La table es fada **de** lenio. – A mesa está feita de madeira.
- Tu gusta carne **de** oveta? – Gústache a carne de ovella?

Por extensión, **de** introduce a persoa ou cousa á que pertence algo:

- Acel es la auto **de** mea frate. – Ese é o coche do meu irmán.
- Me gusta escuta la canta **de** la avias. – Gústame escoitar o canto das aves.
- El ia es impresada par la cuietia **de** la foresta. – Sorprendeuse pola quietude do bosque.
- Dona un peso **de** torta a me, per favore. – Dáme un pedazo de torta, por favor.

De forma máis abstracta, **de** a miúdo indica unha relación xeral entre dúas cousas, ou entre unha calidade ou acción e unha cousa:

- Me ave tre caxas **de** libros per vende. – Teño tres caixas de libros para vender.
- El ia presta a me un tela **de** un color fea. – El/a prestoume unha tea dunha cor fea.
- La tore ave cuatro metres **de** altia. – A torre ten catro metros de altura.

- Esta balde es plen **de** pexes. – Este balde está cheo de peixes.
- Nos vole es libre **de** vos. – Queremos liberarnos de vostedes.
- La ora ia veni per parla **de** multe cosas. – Chegou o momento de falar de moitas cousas.

O que sería un substantivo composto nalgunhas linguas exprésase comunmente como dous substantivos unidos por **de** en elefen:

- Mea oculo **de** sol es rompeda. – As miñas lentes de sol están rotas.
- La gavota es un avia **de** mar. – A gaivota é unha ave de mar.
- Esta va es tua sala **de** dormi. – Este será o teu dormitorio.
- Tu ia oblida aplica la freno **de** mano. – Esquecísteste de poñer o freo de man.
- Per sua come **de** matina, el bevi sola cafe. – Para o seu almuerzo, ela bebe só café.
- El es la campion **de** mundo **de** tenis **de** table. – El é o campión do mundo de tenis de mesa.

**De** ocorre como o segundo elemento nunha serie de expresións fixas que funcionan como preposicións compostas:

- Los ia ajunta tota la ingredientes **con eseta de** la sal. – Engadiron todos os ingredientes con excepción do sal.
- Los ia usa zucur **en loca de** sal. – Usaron azucre en lugar de sal.
- Me es tarda **par causa de** un conxesta de trafica. – Atraseime por culpa dunha conxestión de tráfico.

- La campaneria es **a destra de** la catedral. – O campanario está á dereita da catedral.

**De** pode colocarse antes doutra preposición para indicar o movemento afastándose de:

- La gato salta **de sur** la seja. – O gato salta desde a cadeira.
- Un arania rampe **de pos** la orolojo. – Unha araña arrástrase desde detrás do reloxo.
- La pasaros asende **de entre** la arbores. – Os gorrións soben de entre as árbores.

Do mesmo xeito que **a, de** pode converter unha preposición nun adverbio. O adverbio significa «desde a localización suxerida polo contexto»:

- La monstro ia veni **de su**. – O monstro veu desde abaixo.
- La gidor ia cria **de ante**, ma me no ia pote oia. – O guía estaba a gritar desde a parte dianteira, pero eu non podía oílo.

**De cuando**, ou **de ce**, significa «desde» como conxunción («desde o momento que»):

- **De cuando** me ia es un enfante, me desira sta sur la luna. – Desde que son neno, desexo estar sobre a lúa.

**en**

**En** significa «en». É contraria a **estra**.



Indica unha localización no espazo ou no tempo que está total ou parcialmente contida noutra cousa:

- Mea cor es **en** mea peto. – O meu corazón está no meu peito.
- La sol es **en** la sielo. – O Sol está no ceo.
- Nos espeta **en** la auto. – Estamos a esperar no coche.
- La plantas es **en** vasos. – As plantas están en macetas.
- Sua ditos es fisada **en** la manico de un tas. – Os seus dedos están atrapados na asa dunha cunca.
- Me ave alga pensas **en** mea mente. – Teño algúns pensamentos na miña mente.
- Gatos no gusta es **en** acua. – Aos gatos non lles gusta estar na auga.
- Nos no vide la stelas **en** la dia. – Non vemos as estrelas durante o día.
- Beethoven ia nase **en** 1770. – Beethoven naceu en 1770.
- Nos ia visita la museo **en** febrero. – Visitamos o museo en febreiro.
- El ia scrive la libro **en** tre semanas. – Escribiu o libro en tres semanas.

En sentido figurado, a localización pode ser un estado, ou unha actividade, ou unha maneira:

- Me no vole viaja **en** esta clima. – Non quero viaxar con este clima/tempo.
- La construida es **en** foco. – O edificio está en chamas.
- Nos es **en** peril. – Estamos en perigo.
- Esce nos es **en** acorda? – Estamos de acordo?

- **En** ajunta, me vide un problem nova. – Por riba, vexo un novo problema.
- **En** fato, me vide du problemes. – De feito, eu vexo dous problemas.
- Nos ia pasa un ora **en** conversa. – Pasamos unha hora conversando.
- La enfantes senta **en** un sirculo. – Os nenos están sentados nun círculo.
- Me va repete esta **en** elinica. – Repetireino en grego.
- La presos es **en** euros. – Os prezos están en euros.

**En** tamén pode significar «dentro de» (= **a en**):

- El ia cade **en** la rio. – Caeu ao río.
- Pone la dejetada **en** la baldon. – Pon o lixo no contedor.
- Un bon idea ia veni **en** sua testa. – Unha boa idea veulle á cabeza.
- Me ia tradui la article **en** franses. – Traducín o artigo ao francés.
- Nos pasa **en** un eda nova. – Estamos a pasar a unha nova era.

**En cuando**, ou **en ce**, significa «mentres», «nun punto durante o momento en que»:

- Lo ia comensa pluve forte **en cuando** la reportor ia parla. – Empezou a chover fortemente, mentres que o reporteiro estaba a falar.

**entre**

**Entre** significa «entre». Indica que un lugar ou tempo está rodeado por outros dous ou máis.

- Mea testa es **entre** mea oreas. – A miña cabeza está entre as miñas orellas.
- La table es **entre** la seja e la mur. – A mesa está entre a cadeira e a parede.
- Txesco es **entre** Deutxland, Osteraic, Slovensco, e Polzca. – Chequia está entre Alemaña, Austria, Eslovaquia, e Polonia.
- El viaja **entre** Paris e Madrid a cada semana. – Viaxa entre París e Madrid cada semana.
- Tu es **entre** amis asi. – Aquí estás entre amigos.
- La bal ia cade **entre** la flores. – A pelota caeu entre as flores.
- Cual es la difere **entre** un mur e un serca? – Cal é a diferenza entre unha parede e un valo?
- Elefen promove comunica **entre** poplas. – O elefen promove a comunicación entre os pobos.
- On va ave un interval de des minutos **entre** la du atas. – Habará un intervalo de dez minutos entre os dous actos.
- El ia nase **entre** la geras. – Naceu entre guerras.
- Me velia usual **entre** sete e oto. – Eu levántome normalmente entre as sete e as oito.
- On debe paia **entre** des e dudes euros. – Hai que pagar entre dez e vinte euros.

## **estra**

**Estra** significa «fóra». O contrario é **en**.

Indica que unha cousa non está contida noutra:

- Mea sapato es **estra** mea calseta. – O meu zapato está por fóra do calcetín.
- El abita **estra** la site. – Vive fóra da cidade.
- On no ave aira **estra** la barcon. – Non hai aire fóra do barco.
- Tu es aora **estra** peril. – Agora estás fóra de perigo.
- No telefoni **estra** la oras de labora. – Non telefone fóra das horas de traballo.

**Estra** tamén pode indicar o movemento desde unha localización (= **a estra**):

- La enfantes core **estra** la casa. – Os nenos corren fóra da casa.

En sentido figurado, **estra** pode significar «excepto»:

- El recorda no cosa **estra** sua nom. – Non lembra nada excepto o seu nome.

## **longo**

**Longo** significa «por» / «ao longo de». Indica o roteiro que algo segue a medida que se move:

- Me pasea **longo** la strada. – Paseo pola rúa.
- La balsa ia flota **longo** la rio. – A balsa flotaba polo río.
- La xico lisca **longo** la ramo. – O neno deslízase ao longo da rama.

- Un arania rampe **longo** mea gama. – Unha araña rube pola miña perna.

Por extensión, tamén pode significar «segundo» o que alguén dixo ou escribiu:

- **Longo** la predise, oji va es an plu calda. – Segundo o prognóstico, hoxe será aínda máis cálido.
- La viaja tra tempo es posible, **longo** esta fisiciste. – A viaxe no tempo é posible, segundo este físico.

## **par**

**Par** significa «por». Indica o axente dun verbo pasivo, ou o autor dunha creación:

- El ia es colpada **par** un bal de neva. – Foi golpeada por unha bóla de neve.
- Me es sorprendeda **par** tua reata. – Estou sorprendido pola túa reacción.
- Suiz es ensircada **par** otra paisés. – Suíza está rodeada por outros países.
- Hamlet es un teatral **par** Shakespeare. – Hamlet é unha obra de Shakespeare.

Por extensión, tamén indica unha acción ou método polo cal se fai algo:

- Me ia viaja asi **par** tren. – Viaxei aquí en tren.
- Roberto es mea fio **par** sposi. – Roberto é o meu fillastro.

- La botelas es codigida **par** color. – As botellas están codificadas por cores.
- Nos ia descovre tua secretas **par** nosa spiores. – Descubrimos os teus segredos por medio dos nosos espías.
- La prisonida ia evade **par** asconde su un camion. – O prisioneiro escapouse escondéndose baixo un camión.
- Me va destrui la serca **par** sola un colpa de pede. – Vou esnaquizar o valo dunha única patada.
- On no pote solve esta problem **par** negosia. – Non se pode solucionar este problema negociando.

Cando un verbo transitivo convértese nun substantivo, e o suxeito e o obxecto do verbo son de natureza similar (por exemplo, os dous son persoas), **par** utilízase para indicar o suxeito e **de** ou **a** para indicar o obxecto:

- La ama **par** la madre. – Amor de nai.
- La ama **de/a** la madre. – O amor pola nai.
- La ataca **de** la troianes **par** la elinicas. – O ataque aos troianos polos gregos (o ataque dos gregos contra os troianos)

## **per**

**Per** significa «por» ou «para». Introduce un obxectivo ou destinatario:

- Nos labora **per** mone. – Nós traballamos por diñeiro.
- Tases es usada **per** bevi. – As cuncas úsanse para beber.
- Me viaja **per** vide la mundo. – Viaxo para ver o mundo.

- Tu es vestida **per** un sera de dansa. – Ti estás vestida para unha tarde de baile.
- Me va vade a la botecas **per** tu. – Vou ir aos locais por ti.
- El ia scrive la libro **per** sua madre. – Escribiu o libro para a súa nai.
- La viaja va es perilosa **per** tu. – A viaxe vai ser perigosa para vos.
- Me batalia **per** mea vive. – Loito pola miña vida.
- **Per** esta razona, me no pote parla longa. – Por esta razón, non podó falar moito.
- **Per** esemplo, considera la balena. – Por exemplo, consideren a balea.

Por extensión, tamén indica unha dirección cara a algo:

- La amis ia parti **per** la costa. – Os amigos foron á costa.
- El colpa la bal **per** la gol. – Golpea a pelota para meter gol.

Por extensión, tamén indica un artigo intercambiado por outro:

- Tu ia paia tro **per** acel computador. – Pagaches demasiado por esa computadora.
- Me ia compra lo **per** mil euros. – Compreino por mil euros.
- Gracias **per** tua carta postal. – Grazas pola túa postal.

Pódese indicar un período de tempo previsto:

- Nos vade a Colorado **per** un semana. – Imos a Colorado por unha semana.

- Me no va retarda tu **per** plu ca un minuto. – Non che atrasarei máis dun minuto.

Como caso especial, **per** introduce algo que se ve favorecido ou representado:

- Me ia vota **per** la proposa, ma tu ia vota contra lo. – Votei pola proposta, pero ti votaches en contra.
- Car tu no ia es ala, me ia parla **per** tu. – Como non estabas alí, falei por vós.

## **pos**

**Pos** significa «detrás de» ou «despois de». O seu contrario é [ante](#).

No espazo, indica unha localización no lado menos importante dun obxecto especificado:

- Mea dorso es **pos** mea peto. – As miñas costas están detrás do meu peito.
- La aparatos es **pos** un porte securida. – Os aparellos están detrás dunha porta de seguridade.
- La xicos turbosa ia asconde **pos** la cabana. – Os nenos travesos escondéronse detrás do alpendre.

Temporalmente, **pos** indica un punto que segue a un tempo especificado:

- Desembre veni **pos** novembre. – Decembro vai despois de novembro.



- Los va comensa bevi **pos** la reposa de sol. – Comezarán a beber tras o atardecer.
- Verje a destra **pos** la igrexa. – Xira á dereita despois da igrexa.
- Me va reveni **pos** tre dias. – Volverei en tres días.

**Pos** tamén pode indicar o movemento dun punto desde detrás de algo (= **a pos**):

- La serpente ia desapare **pos** la arbor. – A serpe desapareceu tras a árbore.

**Pos cuando**, ou **pos ce**, significa «despois» como unha conxunción («despois do tempo que»):

- Nos oia la tona **pos cuando** nos vide la lampo. – Oímos o trono despois de ver un raio.

## **sin**

**Sin** significa «sen». Indica algo que está ausente:

- Tua sposa gusta sua cafe **sin** lete. – Á túa muller gústalle o café sen leite.
- Me ia pasea tra la pluve **sin** paraplue. – Paseei baixo a choiva sen paraugas.
- On ave no fuma **sin** foco. – Non hai fume sen lume.
- Me va decora la casa intera **sin** aida. – Decorarei a casa enteira sen axuda.
- Tu es tota **sin** compatia. – Es todo menos compaixón.

- El ia adormi **sin** intende. – Ela durmiu sen intención.
- La rexercor ia sorti **sin** descovre la responde. – O investigador deixou a resposta sen descubrir.
- La depinta ia cade **sin** causa evidente. – A pintura caeu sen causa evidente.

## **sirca**

**Sirca** significa «ao redor». Indica unha posición que rodea ou encerra algo máis:

- La campores fa cantas **sirca** la foco. – Os campistas cantan cancións ao redor do lume.
- Mea mano es cluida **sirca** mea diton. – A miña man pechouse ao redor do meu polgar.
- Edera crese **sirca** la tronco. – A hedra crece ao redor do tronco.
